

Intervención do candidato á
Presidencia da Xunta de Galicia

SESIÓN DE INVESTIDURA



*Parlamento de Galicia, 10 de
maio de 2022*

1. EXPERIENCIA, RESPONSABILIDADE, ESPERANZA	3
2. O EXEMPLO DUN GALEGO EXEMPLAR	11
3. UNHA POLÍTICA Á GALEGA	14
4. BALANCE: UN LUGAR MELLOR PARA VIVIR ...	20
4.1 <i>ESTABILIDADE INSTITUCIONAL</i>	20
4.2 <i>ECONOMÍA MÁIS ROBUSTA</i>	30
4.3. <i>SOCIEDADE DO BENESTAR MÁIS COMPLETA</i>	33
4.4. <i>PATRIMONIO MELLOR PRESERVADO</i>	44
5. PROXECTO: TRABALLO, FAMILIA E FUTURO ...	51
5.1. <i>TRABALLO</i>	54
5.2. <i>FAMILIA</i>	59
5.3. <i>FUTURO</i>	76
6. CREO EN GALICIA	88
7. CREO NO NOSO PAPEL EN ESPAÑA E EN EUROPA	91
8. CAMBIA UN CAMIÑANTE, O CAMIÑO CONTINÚA	100

1. EXPERIENCIA, RESPONSABILIDADE, ESPERANZA

Presidente do Parlamento;
Señoras e señores deputados do Grupo Popular, do Grupo do BNG e do Grupo Socialista;
Convidados presentes na Cámara;
Medios de comunicación;
Galegas e galegos.

Hoxe quero falar desde a **experiencia** que me dan todos estes anos de servizo a Galicia. Primeiro como empregado público, despois como alto cargo da Administración autonómica e, finalmente, tras 13 anos como membro do Goberno da nosa comunidade.

Quero falar tamén desde a **responsabilidade** que supón asumir unha institución como a Xunta de Galicia, decisiva para aliviar as dificultades e reforzar as certezas das galegas e galegos.

E tamén desde a **esperanza** coa que afronto o futuro de Galicia, pois creo que, se facemos o correcto, os nosos fillos e netos herdarán unha terra máis próspera que a que asumiron as xeracións anteriores.

Polo tanto, **desde a experiencia, a responsabilidade e a esperanza, comparezo ante este Parlamento para solicitar o seu respaldo e ser o próximo Presidente da Xunta de Galicia.**

Pido a confianza da Cámara na que reside a vontade popular de todas as galegas e galegos, que **hai menos de dous anos** decidiron libre e democraticamente que a nosa terra gozase **dunha maioría, dunha estabilidade e dunha continuidade** sen equivalente en España.

- O Presidente Albor falaba de Galicia como "tarefa inacabada, que nos leva, que nos cría, que nos ata e que nos dá nome, que

nos fai libres e que nos compromete”.

- O Presidente Laxe chamaba aos gobernantes desta comunidade a “estar á altura da intelixencia e da sensibilidade das súas xentes traballadoras”.
- O Presidente Fraga recordaba que “Galicia esixe honradez de todos e con todos: honradez política, administrativa, cultural e seriedade persoal”.
- O Presidente Touriño proclamou que “Galicia está en condicións de representar un papel moito máis protagonista e de contribuír de forma importante á definición do proxecto común de España”.
- E o Presidente Feijóo afirmou que esta terra lle ensinou a “admirar a unha xente educada na tolerancia e no diálogo. Gobernar consiste en dialogar”, dicía.

De todos eles hai leccións que aprender. Dos Presidentes cos que traballei, dos Presidentes cos que discrepei e tamén dos que iniciaron a nosa andaina autonómica, cando todo estaba aínda por facer.

Desde a primeira sesión de investidura ata esta mudaron moitas cousas, comezando pola propia sé deste Parlamento. Tanto no pazo de Xelmírez como no pazo de Fonseca e agora neste do Hórreo, **os representantes dos galegos fomos evolucionando ao compás do noso pobo.** Pero hai algo que se mantén inmutable desde aqueles primeiros momentos: o compromiso, a conciencia e a vontade de servir.

Daquela, e tamén agora, Galicia mantivo unhas institucións á altura do que merecen os galegos. Por iso **afrontamos os retos máis grandes – este relevo é un deles– cunha serenidade que en case todos os demais lugares sería inconcibible.**

Quero ser presidente da Xunta de Galicia para **afondar nos acertos** que tivo a nosa terra nestes corenta anos e para **tentar mellorar aquilo que aínda pode facerse mellor**. Pero non hai máis que mirar cara a atrás—ou cara a fóra— para **apreciar na súa xusta medida os logros colectivos deste pobo**. Sen triunfalismos desmedidos, pero tamén sen flaxelacións inxustificadas.

Máis adiante parareime nos retos e nas ameazas que, ao meu xuízo, caracterizan o futuro do noso pobo. Pero antes de nada, debo subliñar a miña prioridade: **quero, ante todo, que Galicia siga sendo un referente desa normalidade excepcional coa que marcamos o rumbo do resto de España**.

2. O EXEMPLO DUN GALEGO EXEMPLAR

Poucos feitos simbolizan mellor esa vocación de Galicia de ser guía e referente da política nacional que a causa que nos trae hoxe a esta sesión de investidura.

Se hoxe estamos aquí é porque **toda España leva anos mirando con atención cara á Galicia.**

- A normalidade de que un Presidente leve no seu posto 13 anos tras catro maiorías absolutas... resulta hoxe excepcional.
- A normalidade dunha Cámara na que non teñen sitio os populismos de esquerdas nin os de dereitas... resulta hoxe excepcional.
- A normalidade de que se aproben en tempo e forma uns Orzamentos e que se manteña a estabilidade do Goberno sen ter que subastar

segredos oficiais nin outorgar concesións infinitas a uns nacionalismos insaciabes... resulta hoxe excepcional.

- A normalidade de ser a comunidade autónoma que menos incrementou a súa débeda nestes anos, non precisar xamais dun rescate do Goberno central e non gastar máis cartos públicos dos que temos... resulta hoxe excepcional.

- En definitiva, a normalidade que supón para os galegos contar cun Goberno sensato e previsible, que procura crear certezas e non multiplicar as preocupacións... para moitos españois resulta hoxe excepcional.

Ao Presidente Feijóo non se lle concedeu a fortuna de gobernar en tempos calmos, senón que se curtiu nalgúns dos momentos máis complicados da Galicia das últimas décadas.

Durante os meus anos de formación **estudei o que era o servizo público,** pero teño que dicir que con Feijóo **aprendín o seu verdadeiro significado.**

Co paso que vén de dar, sitúa unha vez máis os intereses de todos por riba dos seus propios.

Os galegos confiamos en que, sexa cal sexa a responsabilidade que lle toque asumir nos próximos anos, onde quer que lle leve a vontade dos españois, Alberto Núñez Feijóo seguirá sendo sempre **un servidor de Galicia.**

E se solicito o apoio desta Cámara para ser Presidente da Xunta é porque **quero seguir o exemplo dun galego exemplar.** De corazón, Presidente, grazas.

3. UNHA POLÍTICA Á GALEGA

Señorías, a Galicia de 2022 caracterízase por un estilo propio de facer política. Un xeito que se foi labrando ao longo de 13 anos de coherencia, de ser fieis a nós mesmos e non deixarnos levar por modas efémeras, que parece que van levalo todo por diante pero que, ao marchar, deixan un escaso legado detrás.

Nestes anos, **logramos manter a confianza dos galegos no seu Goberno autonómico**. Fomos parcós en promesas e prolíficos en cumprimentos cando a tendencia na nosa contorna era facelo xustamente á inversa.

Hoxe gustaríame facer un chamamento a todas as forzas políticas desta Cámara. Tamén ás que non teñen representación aquí –ben porque a perderon, ben porque nunca a tiveron– pero coas que lexitimamente

poden tamén sentirse representados
algúns galegos.

Quérolles pedir que, entre todos, sigamos facendo política á galega, que non é practicar unha ideoloxía concreta, senón subordinar os principios propios aos intereses xerais.

Manteñamos as institucións como valor refuxio, para ofrecer a seguridade e continuidade que reclaman os cidadáns nuns tempos tan complicados.

Centremos o debate nas preocupacións cotiás dos cidadáns –crear emprego, mellorar as economías domésticas, protexer ás familias e ás persoas– en lugar de en cuestións que, de tan gasosas e teóricas, poucos as comprenden e aínda menos as comparten.

Fuxamos de adanismos e de dogmas. Ningunha idea, por desexable que poida parecer, é máis valiosa que o benestar das persoas.

En definitiva, sigamos tomando as decisións públicas –que afectan non só a quen as toma senón ao conxunto da xente– **desde o sentidiño:**

- O gradual é mellor que o drástico,
- O moderado é mellor que o extremo,
- O consensuado é mellor que o imposto.

Nin bloques nin bloqueos: sempre e ante todo, os intereses xerais dos galegos.

Estes principios reitores foron os que guiaron a nosa acción política desde o ano 2009. A aplicación práctica de todos eles axudounos –baixo o meu humilde punto de vista que creo que moita xente comparte– a que hoxe Galicia sexa **un lugar mellor para vivir que hai trece anos.**

4. BALANCE: UN LUGAR MELLOR PARA VIVIR

4.1 ESTABILIDADE INSTITUCIONAL

Durante estes anos, **a nosa comunidade logrou manter a súa arquitectura institucional a salvo da gran inestabilidade** que reinou noutros lugares.

Ao principio da nosa andaina no Goberno autonómico, recordo as duras críticas que nos dedicaban os representantes da oposición –algúns e algunhas das cales continúan neste hemiciclo– pola política de racionalización das contas públicas e de eliminación do gasto político, que implantamos nos primeiros anos.

Obviamente, non foi por capricho. A decisión fácil sería seguir gastando e engrosar as facturas sen pagar que cando accedemos ao Goberno poboaban os caixóns.

Pero **entendíamos** que o sensato era **intentar deixar canto antes a Galicia libre de cargas e de hipotecas para poder decidir por si mesma o seu futuro**, gobernase quen gobernase. Os galegos premiaron a nosa determinación e decidiron, sempre que foron consultados, que continuásemos xuntos polo mesmo vieiro.

Señorías. As receitas que propugnaban e as fórmulas que propuñan os que presumen de ser máis galeguistas e nacionalistas que ninguén terían desembocado sen ningunha dúbida nunha segura intervención por parte do Goberno central, como lles pasou a todas as demais comunidades de réxime común.

Nós preservamos a nosa autonomía grazas á boa saúde das nosas contas.

Galicia non é só a **comunidade que menos incrementou a súa débeda desde 2009**. Tamén é a terceira de toda

España cunha menor ratio de endebedamento. Aforramos en xuros case 400 M€ que puidemos, polo tanto, investir nos galegos.

Cada ano aprobamos un Orzamento, algo que debería ser normal na vida das Administracións pero que a día de hoxe tamén se converteu en extraordinario se miramos ao noso redor.

Cada mes fomos reforzando o gasto produtivo, e hoxe Galicia duplica a media nacional de investimentos.

Cada día pagamos con axilidade aos particulares e empresas que son provedores da Administración, e hoxe somos unha das comunidades que o fai máis rápido.

Señorías, se obteño a confianza desta Cámara, afrontarei unha situación moi distinta á que nos atopamos en 2009: agora somos **unha comunidade saneada**, con menos da metade dos entes instrumentais que

había e con capacidade para seguir
investindo para mellorar Galicia.

E, desde logo, manter a orde financeira de Galicia non nos impediu ir trasladando ás economías familiares os froitos do crecemento económico.

Agora que toca facer a declaración da Renda é conveniente recordar que **cada galego está a aforrar unha media de 403 euros neste imposto**, grazas ás rebaixas que xa aprobou a Xunta de Galicia.

Non só no IRPF: os galegos – especialmente os de rendas máis baixas ou que viven no rural– tamén pagan menos ou nada no ITP, en Patrimonio e en Sucesións.

As cifras falan por si soas: desde 2009, **o conxunto das familias galegas aforrou en impostos 1200 M€**, que foron directamente empregados en mellorar a súa calidade de vida.

Pero este camiño non acaba aquí. Nestes anos, a política fiscal de

Galicia demostrou ser **proporcional e útil** para incrementar a riqueza en mans das familias.

Saben vostedes que o Partido Popular de España, tras escoitar a opinión dos economistas, solicitou que se aprobe a nivel nacional unha axuda fiscal para as persoas que, polo seu nivel de renda, se atopan máis afectadas pola suba dos prezos.

Pois ben, **Galicia non vai esperar polo Goberno central para axudar a todas estas familias.** No ano 2023 reduciremos o primeiro tramo do IRPF do 9,4% ao 9%, **situándonos como a segunda comunidade de España con menos impostos para as rendas máis baixas.**

Tras esta nova rebaixa fiscal, **os impostos para estes fogares serán máis dun 25% máis baixos do que eran no ano 2009.**

Deste xeito, estaremos ao seu carón para afrontar o grave incremento no prezo dos produtos esenciais a causa da inflación.

Ademais, a partir da declaración do 2023, as familias galegas con dous fillos menores de 25 anos contarán cos mesmos beneficios fiscais, a efectos de IRPF, que desfrutan a día de hoxe as familias numerosas.

Isto traducirase nunha **dedución de 250 euros no tramo autonómico da cota íntegra do IRPF**, que se incrementará en **250 euros extra polo terceiro fillo e cada un dos seguintes**, como recoñecemento ás familias numerosas. As familias con tres fillos poderán aforrar 500 euros, as que teñen catro, 750... e así sucesivamente.

As familias conforman os cimentos de toda a sociedade galega e terémolas moi presentes ao longo da lexislatura. **A decisión persoal e individualísima de ter fillos é fundamental para despexar o horizonte de Galicia** e por iso non escatimaremos nin esforzos, nin

medidas, nin fondos para acompañalas
ao longo da súa vida.

4.2 ECONOMÍA MÁIS ROBUSTA

Non esquezamos que cando falamos de economía e das finanzas públicas, ao que estamos a referirnos sempre é ao benestar das persoas. **Nestes anos incrementouse nun 18,2% o PIB per cápita de Galicia, a segunda maior subida de toda España.** Como consecuencia, ata a chegada da pandemia, a nosa comunidade estaba máis cerca que nunca de converxer coa renda nacional. E non me cabe dúbida de que nos próximos anos, e pese ás dificultades, seremos unha terra cada vez máis próspera.

Somos líderes nacionais no sector naval, o automobilístico afronta o futuro desde unha posición máis sólida, o sector agrogandeiro xera máis valor engadido que nunca e o marítimo bate récords de exportacións. De feito, **nos últimos dez anos o valor da pesca galega medrou un 50% e en 2021 acadamos o máximo histórico do prezo medio en**

lonxa do noso peixe e marisco e queremos seguir por este camiño.

As exportacións de Galicia superan xa o récord dos 25.000 M€, pero ademais o tecido exportador é cada vez máis rico e plural, con máis de 9300 empresas que venden fóra.

Os beneficios deste progreso económico trasladáronse ao noso mercado de traballo:

- Hoxe hai máis persoas afiliadas á Seguridade Social que no ano 2009;
- Hoxe hai 60.000 galegos menos no paro que no ano 2009, no que supón o desemprego máis baixo nesta época do ano desde que existen datos;
- Hoxe contamos coas mellores cifras de emprego entre as mulleres e a mocidade;

- Hoxe estamos na cifra máis alta de contratación indefinida de toda a serie histórica;
- E hoxe somos a comunidade onde máis creceron os salarios desde o ano 2009: un 32% máis.

Somos conscientes de que aínda hai moitos retos sobre a mesa. O noso tecido industrial viuse moi afectado por unha **política enerxética a nivel nacional que pasou por alto** –sendo benévolos– **as súas prexudiciais consecuencias a nivel laboral**. O baleiro que deixan atrás empresas estratéxicas como Alcoa, Alu Ibérica ou a central térmica de Endesa aínda non foi cuberto e as feridas abertas na Mariña, na Coruña ou nas Pontes tardarán anos en pecharse.

Pero pese ás incertezas (que as hai) e pese aos obstáculos (que os atopamos), nestes anos logrouse crear máis emprego e de mellor calidade nunha Galicia que non debe deixar de crecer.

4.3. SOCIEDADE DO BENESTAR MÁIS COMPLETA

A prosperidade que pouco a pouco imos incrementando sería incompleta se os seus froitos non se repartisen entre o conxunto da sociedade galega. **Cando un galego avanza permite que os demais teñan tamén máis oportunidades de avanzar canda el.**

A **igualdade de oportunidades** non é unha entelequia á que referirse nos discursos e que gardar nun caixón despois. É a meta pola que debemos traballar, con palabras e con feitos, a través dos servizos públicos.

O sistema sanitario, como último baluarte de protección da saúde, é un dos ámbitos máis sensibles que existen. Os cidadáns non esperan da Sanidade Pública un servizo simplemente correcto, esixen unha

atención que cada día sexa a mellor posible.

Nestes anos logramos darlle á Sanidade Pública un novo impulso moi importante.

- Malia a pandemia, as listas de espera nas cirurxías prioritarias seguen por debaixo dos 20 días e as vías rápidas de consulta, por debaixo dos 5;
- Nestes anos construíronse ou renováronse un centenar de centros de saúde, ademais de 5 que están en obras e doutros 28 que xa están proxectados;
- Modernizáronse –como ben é sabido– todos os hospitais de Galicia e construíronse dous centros punteiros en Vigo e en Lugo, ademais da ampliación do hospital de Ourense;
- Implantouse tecnoloxía de vangarda e que, en certos casos,

é única no sistema público español, coma o sistema HIFU contra o tremor esencial;

- A Sanidade Pública segue tendo e terá sempre marxe para mellorar, pero a día de hoxe **hai máis profesionais que nunca traballando para coidar da nosa saúde: 42.000, 6.000 máis que no ano 2008;**
- Como consecuencia de todo isto, a pesar dos avances que aínda quedan pendentes, os galegos valoran os servizos sanitarios coa nota máis alta desde que existen datos.

Señorías, gracias a unha estrutura sanitaria áxil e dunha enorme capilaridade e, sobre todo, á inconmensurable entrega dos profesionais sanitarios, **Galicia foi a comunidade peninsular que mellor resistiu o impacto da pandemia,** o maior test de estrés para todos os sistemas de saúde do mundo.

- Máis de 570.000 galegos superaron a covid, pero non nos esquecemos dos 3.389 que non puideron facelo;
- Dispensáronse máis de 6 millóns de vacinas nun tempo récord, nun esforzo histórico que nos permitiu controlar a expansión do virus.

Pero temos que seguir sendo prudentes: segue habendo máis de 1500 positivos cada día. Estes meses durísimos que vivimos déixanos unha importante lección para o futuro que non debemos esquecer.

Tamén houbo que adaptar os outros dous puntais da sociedade do benestar, desa **Galicia que acompaña desde o berce ata o bastón**. Tanto no eido educativo como no dos servizos sociais, atopámonos servizos fortalecidos despois de 13 anos de aposta continuada por eles.

Xa mesmo antes de que un bebé empece a camiñar, a nosa sociedade do benestar comeza a arroupalo a través dunha **educación infantil dunha enorme calidade**.

Non só polo contrastado nivel do proxecto educativo das escolas de Galicia...

... senón tamén porque a nosa é a **única comunidade de España na que a educación de 0 a 3 anos é totalmente gratuíta**, para todas as familias, en todas as escolas infantís de Galicia, a partir do segundo fillo.

E a partir deste mes de setembro, co comezo do curso, tamén poderán beneficiarse desta medida todos os primoxénitos. É dicir: unha educación infantil universal para todos os nenos de ata 3 anos, con independencia da súa orde de nacemento.

Deste xeito, serán **máis de 30.000 as familias** que se beneficiarán da gran aposta galega por universalizar unha etapa educativa que, a xuízo de todos os expertos, é fundamental para o desenvolvemento temperán do neno.

Suprimimos non só as barreiras económicas para o acceso á atención dos máis pequenos, senón tamén as xeográficas: nos últimos anos abriron as súas portas preto dun centenar de casas niño en todos os lugares de Galicia que o solicitaron.

Rexeitamos que a mellor forma de que o ensino sexa realmente igualitario sexa devalualo, rebaixar a esixencia e demostrar unha confianza ben escasa no alumnado e no profesorado. A posición de Galicia é xustamente a contraria.

O mellor xeito de avanzar cara á igualdade de oportunidades é apostar por unha Educación que conxugue a inclusión e a equidade co máis alto nivel formativo, especialmente para aquelas nenas e nenos que veñen de contornas desfavorecidas. Fomentar o esforzo e o mérito debe ser compatible cun sistema no que a todo o mundo se lle dean oportunidades para non quedar atrás.

Non se trata de baixar o listón para que se poida saltar máis facilmente: trátase de impulsar a quen ten máis dificultades para poder superalo. Os resultados destes anos avalan o modelo que seguiu a nosa comunidade.

- Hoxe rexistramos o menor abandono escolar temperán da nosa Historia, cunha caída de 17,7 puntos desde o ano 2009,
- E o informe PISA revela que o alumnado galego está á cabeza de España e por riba da media de España, da Unión Europea e do conxunto dos países desenvolvidos tanto en competencias matemáticas como científicas e lectoras.

Estamos moi orgullosos do talento e do compromiso de todos os mestres e profesores de Galicia, que saben sobrepoñerse a unha política educativa que os Gobernos da Nación xa modificaron demasiadas veces –e, habitualmente, non para mellor– e

acompañan aos seus alumnos nunha etapa determinante da súa vida. Este acompañamento esténdese tamén aos momentos nos que calquera cidadán necesita de apoio. Nalgúns casos por mor dun revés económico, noutros por discapacidade, noutros por sufrir os achaques propios da idade... para todas esas circunstancias, **a rede de protección social de Galicia foise reforzando durante os últimos trece anos.**

- Blindouse a Renda de inclusión social de Galicia cando máis necesaria resultaba, e puxéronse en marcha medidas de urxencia coma a Tarxeta Básica;
- Consolidámonos como unha das comunidades que máis apoian ás persoas con discapacidade;
- Multiplicouse por dezaseis o número de persoas maiores que reciben o Servizo de Axuda no Fogar e triplicouse o número de

prazas públicas de residencia ao seu alcance.

4.4. PATRIMONIO MELLOR PRESERVADO

Señorías. Se dedicamos uns esforzos tan intensos a reforzar os servizos públicos é porque sempre entendemos que a Xunta debía ter os pés firmes no presente, pero a vista erguida cara ao futuro.

Entendemos que parte da nosa responsabilidade era **conservar a confianza dos galegos de hoxe, pero tamén deixar un legado do que puidesen desfrutar os nosos fillos,** os nosos netos e as xeracións que virán despois.

Falo en primeiro lugar do noso medio ambiente. Galicia parte como alumna avantaxada na loita contra o quecemento global, pois **nas últimas décadas reducimos nun 36% a emisión de gases de efecto invernadoiro.** Así mesmo, o compromiso de todos permitiu que nosos ríos e as nosas costas experimentasen unha

importante mellora na calidade das augas.

Así foi tamén na ordenación do ámbito urbano, da terra agraria e da forestal:

- (1) Hoxe 113 concellos galegos contan xa cun PXOM adaptado á normativa.
- (2) Hoxe o noso rural conta con novas fórmulas de racionalización de terra, coma os polígonos agroforestais ou as agrupacións de xestión conxunta.
- (3) Hoxe dispoñemos dun Plan Forestal que conxuga aproveitamento e sustentabilidade. Un monte produtivo é un monte mellor protexido contra os incendios e os incendiarios.

Hoxe Galicia é unha comunidade moito mellor vertebrada do que era hai trece anos, con máis vías de altas prestacións sen peaxes, o dobre de frecuencias de autobús (gratuítas para a xente nova), as **estacións intermodais...**

- de Ourense e Santiago xa están en funcionamento,
- as de Vigo e Pontevedra a piques de facelo,
- a da Coruña xa licitada
- e seguiremos traballando para que Lugo e Ferrol contén tamén cunha intermodal.

No ámbito das infraestruturas dixitais, que son cada día máis fundamentais o 99,96% dos galegos dispoñen de cobertura móbil 4G e o 72%, de banda larga de 100 megas ou máis... **unha porcentaxe que neste ano chegará a preto do 90%.**

Os galegos estamos mellor conectados entre nós e co resto do mundo, tamén grazas ao idioma e a cultura galega.

Pulamos por unha lingua que non levante novas fronteiras, senón que sirva para tender pontes, por iso estreitamos lazos coa lusofonía e traballaremos coas grandes empresas tecnolóxicas para **que os asistentes de voz falen galego** e situar a nosa lingua na vangarda da intelixencia artificial.

A cultura galega está a vivir tamén un momento de eclosión. Non só nos ámbitos onde leva anos existindo unha produción de moi alta calidade —como a literatura, o teatro ou a música—, senón tamén en campos cun enorme potencial de crecemento coma o desenvolvemento de videoxogos ou a produción audiovisual.

Buscamos reforzar esta boa marcha reivindicando ao Goberno de España un **PERTE cultural** que entendemos moi necesario.

Señorías, a vontade dos Gobernos que conformamos desde o 2009 pode resumirse nunha frase ben sinxela: **deixar unha Galicia mellor da que atopamos.**

Contamos cunhas institucións saneadas, cunha economía forte que loita por superar os efectos da pandemia, cunha sociedade do benestar máis robusta que nos axudou a resistila e cun patrimonio común que serve, máis que nunca, para unir aos galegos.

Preséntome ante esta Cámara coa satisfacción e o orgullo de ter formado parte dun Goberno que cumpriu con Galicia. Tamén co recordo moi presente dun dos compañeiros que mellor entendían o verdadeiro significado da palabra "servir". Un home ao que era fácil

admirar incluso cuando se discrepaba con él. **Valeriano Martínez seguirá siendo un referente para mí en todos e cada uno de los pasos que me toque dar.**

5. PROXECTO: TRABALLO, FAMILIA E FUTURO

Señorías. Non quero ser Presidente da Xunta para fotocopiar as últimas páxinas da nosa Historia, aínda que estas foron memorables: quero selo para escribir entre todas e todos algunhas das nosas mellores liñas do noso futuro.

A ilusión coa que afronto esta nova etapa non me impide ver as dificultades que os fogares galegos están a pasar nestes momentos. Ao contrario: axúdame a velas máis claras. O que os cidadáns esperan de nós non son frivolidades, dogmas nin utopías. Esperan que aliviemos as súas dificultades, que fagamos nosas as súas prioridades e, sobre todo, que lles digamos sempre a verdade.

A situación global que nos atopamos neste 2022 encerra non poucos retos. A invasión rusa de Ucraína tensou as costuras do sistema económico

español e deixou ao descuberto as eivas acumuladas ao longo dos últimos meses –non todas elas imputables ao Goberno da nación, pero desde logo si unha boa parte–. As familias galegas padecen unha inflación desbocada, agravada por un severo encarecemento do prezo da luz e dos combustibles. Entre as súas causas está unha ruptura enerxética atropelada e guiada máis por intereses políticos que polo interese xeral da nación.

Neste complexo cruce de camiños económico e social é onde nos atopamos hoxe en día. Non estaría dicindo a verdade se prometese que Galicia está totalmente a salvo de todos estes riscos, pero asegúrolles que **a Xunta traballará sen descanso para que esteamos o mellor preparados posible ante eles.**

En tempos incertos é especialmente importante vacinarse fronte a improvisación a través dunha planificación sensata. A nosa está

recollida no Plan Estratégico 2030, que aprobou o Consello da Xunta hai dous meses e que, naturalmente, mantén toda a súa vixencia.

O meu proxecto para os vindeiros anos asentárase sobre tres piares fundamentais. Tres eixos da actuación do futuro Goberno autonómico que coinciden coas preocupacións que nos trasladan os galegos: traballo, familia e futuro. **Traballo, familia e futuro... e despois todo o demais.**

5.1. PRIMEIRO EIXO: TRABALLO

Queremos unha Galicia que cree cada vez máis postos de traballo e dunha mellor calidade. Para logralo, apostamos por un crecemento económico sostible e centrado sempre nas persoas.

Falo dun mundo laboral que teña ás galegas e galegos no centro porque **o traballo é moito máis que un medio de subsistencia.** É tamén a mellor política social, a mellor vía para a autonomía persoal (especialmente para as persoas máis vulnerables) e

unha parte fundamental da nosa vida
cotiá.

Apostar polo traballo de calidade é apostar pola calidade de vida.

Trátase dun eido que a miúdo se converte en diana dos populismos de todo signo. As fórmulas máxicas non existen: a creación de bos empregos pasa necesariamente polo desenvolvemento económico.

Os nosos obxectivos en materia económica para esta década xa son coñecidos, están cuantificados no Plan Estratéxico: un crecemento medio do PIB de entre o 2% e o 2,5% anual ao longo de toda a década, por riba da media nacional e que isto se traduza tamén nunha redución progresiva do desemprego.

O crecemento económico da Galicia dos vindeiros anos asentarse sobre piares sólidos.

Galicia avanzará cara a unha **industria sustentable**, con proxectos tractors que impulsen o crecemento das pemes e xeren emprego no rural. Falo por exemplo da **fábrica de fibras téxtiles sostibles de Altri**, que se instalará en Palas de Rei cun investimento de 800 M€ e abrindo a porta a 2500 novos empregos directos e indirectos e que suporá un antes e un despois para o sector forestal e para a provincia de Lugo.

Galicia consolidará os **sectores nos que tradicionalmente somos fortes**, coma a automoción, o agroalimentario ou o téxtil, do que temos aquí á maior multinacional do mundo.

Galicia impulsará **sectores emerxentes** como o aeroespacial ou o biotecnolóxico, con proxectos como Zendal. **Xa non son futuro, son presente.**

Galicia creará **oportunidades para emprender**, un ámbito onde somos a terceira comunidade máis prometedora de España. Non é froito da casualidade, senón de programas coma os espazos coworking ou as aceleradoras de empresas en ámbitos estratéxicos.

Galicia simplificará máis **trámites administrativos**, para que as empresas poidan dedicar menos tempo a cubrir papeis e máis a facer crecer o seu negocio.

No sector marítimo, poremos o foco no **relevo xeracional e en blindar un marco equitativo para a frota a nivel global**.

No ámbito rural, seguiremos traballando pola **recuperación** da terra agraria e pola renovación sector.

E para eses 150.000 galegos que están a buscar traballo, a Xunta de Galicia vai contratar 136 novos orientadores laborais, incrementar nun 80% o investimento en formación e crear cun Campus Virtual de Formación para o Emprego sen equivalentes en España.

5.2. SEGUNDO EIXO: FAMILIA

O segundo pilar é o da familia. Sumando oportunidades de traballo lograremos multiplicar as posibilidades coas que contan os galegos para formar unha familia, sexan cales sexan as súas preferencias á hora de configurala.

Témonos referido en numerosas ocasións a Galicia como o mellor lugar para nacer. Trátase de moito máis que un reclamo publicitario: é toda unha declaración de intencións. Agora que cada vez máis cidadáns de todas partes escollen con liberdade o lugar no que se asentán e forman a súa familia, **nós queremos ser a primeira opción para todos eles,**

empezando naturalmente polos nosos e polos que tiveron que marchar.

Os máis de medio millón de galegos no exterior están lonxe fisicamente, pero sempre presentes para este Goberno. Porque **Galicia é máis que un mero lugar xeográfico, é unha comunidade de afectos.**

Queremos que, se así o desexan, poidan volver á que sempre foi a súa casa, coma os máis de 22.000 que xa o fixeron nos últimos tres anos.

Por iso deseñaremos un proxecto específico para apoiar a empregabilidade e o emprendemento dos membros da diáspora que decidan volver á nosa terra.

No caso de que decidan continuar vivindo fóra, alá onde arraigaron, **seguirán a contar tamén co apoio da sociedade galega e do seu Goberno.** Especialmente os que máis o precisan, cunhas axudas sociais que estarán á súa disposición para

conseguir medicamentos ou afrontar as súas necesidades básicas.

O apoio ás familias e os incentivos para os que queren volver á nosa terra son parte da fórmula de Galicia para afrontar **a maior hipoteca que pesa sobre o noso futuro: o reto demográfico**. Tras converternos en pioneiros a nivel nacional legislando sobre esta materia, correspóndenos seguir sendo líderes con medidas que trasladen aos fogares galegos o máximo apoio posible.

Señorías. Galicia debe arroupar a todos os galegos, e iso significa **tomar máis medidas que ninguén para protexer a saúde dos máis pequenos.**

Por iso a nosa comunidade vai incorporar, de xeito totalmente gratuito para as familias, tres novas vacinas ao calendario infantil: a da meninxite B, a do virus do papiloma humano para os nenos e a antigripal tetravalente.

Con estas tres novas vacinas, Galicia converterase na comunidade autónoma cun calendario vacinal infantil máis completo, e solicitaremos ao Ministerio de Sanidade que estenda este

Galicia debe arroupar a todos os galegos e queremos que todo o alumnado galego o sinta así. No noso sistema educativo non caben os abusóns. Os colexios e institutos galegos, ao carón das familias, van combater o acoso escolar con todas as ferramentas ao seu alcance, a

través dunha nova Estratexia galega de convivencia escolar.

Unha das grandes prioridades deste Goberno en materia educativa será combater unha lacra que –aínda que aquí se dá menos que noutros lugares de España– inflíxe unha dor inmerecida aos nenos que a sofren e tamén as súas familias. **En Galicia, acoso escolar nunca máis.**

A nosa comunidade debe arroupar a todos os galegos e queremos que a rapazada poida pasar un verán inesquecible. Por iso, **mañá mesmo** presentaremos a **maior oferta de campamentos e campos de voluntariado da historia, con máis de 10.800 prazas, 3000 máis que o ano pasado.**

Galicia debe arroupar a todos os galegos, e arroupar tamén é axudar aos nosos a cumprir os seus obxectivos en plena transformación dixital da sociedade. Por iso investiremos **máis de 200 M€** en reforzar a aprendizaxe de idiomas e

a de competencias STEM. **Aquí non adelgazamos os currículos, senón que os enriquecemos con máis linguas e máis innovación.**

Despois do ensino medio, profundaremos no impulso histórico que recibiu nestes anos a Formación Profesional, que xa é máis prestixiosa que nunca. **Nesta legislatura investiremos 900 M€ en mellorar as titulacións, a dotación tecnolóxica dos centros, en impulsar a FP dual e en engraxar o nexo coas empresas.**

O símbolo deste avance en innovación e especialización será o **Centro Galego de Innovación en Formación Profesional**, que abrirá as súas portas en Ourense antes de que remate este ano.

Queremos reforzar a nosa posición como comunidade de referencia en FP, e polo tanto, **esta opción educativa contará cun centro directivo propio dentro do organigrama da Xunta**

encargado de afrontar os seus
desafíos

No ámbito universitario, mobilizaremos un récord de **máis de 3200 M€ ata 2026** para situar as tres Universidades públicas galegas no mapa das **mellores institucións de España e de Europa:** con máis innovación na docencia, máis investigación e unha vocación internacional máis consolidada.

Para ofrecer todas as opcións aos estudantes galegos e de fóra e ofrecer unha educación superior acorde aos novos retos da sociedade, nos próximos anos poranse en marcha **15 novos másteres e unha ducia de novos graos** no noso sistema universitario público para que ningún estudante que non queira teña que saír de Galicia para facer a carreira soñada.

En paralelo, a Universidade galega seguirá sendo a máis accesible de España, pois **nos manteremos como a comunidade autónoma coas taxas de acceso máis baixas de todas.**

Señorías, a Galicia das familias seguirá traballando por unha **Sanidade Pública** áxil e de primeira calidade, comezando polo seu elemento vertebrador: a atención primaria.

Somos conscientes de que os centros de saúde son para moitos galegos o gran símbolo da sociedade do benestar. A todos eles podemos dicirlles que **nos vindeiros anos culminaremos a maior reforma da atención primaria da Galicia autonómica:**

- (1) Ofreceremos 106 prazas da nova categoría de facultativo especialista, que integra a atención ordinaria con PAC.
- (2) Avanzaremos no uso da telemedicina, integrando na historia clínica electrónica a información dos dispositivos de

seguimento da saúde como cardioimplantables, marcapasos, bombas de insulina ou medidores de glucosa.

- (3) Ao longo dos vindeiros meses, **seguiremos avanzando na mellora salarial para recompensar o esforzo que fai o persoal sanitario da Atención Primaria.**

E pódolles asegurar unha cousa. **Galicia fará todo o que estea na súa man para mellorar a atención primaria.**

- Todos e cada un dos especialistas en medicina de familia teñen abertas as portas do Servizo Galego de Saúde, pois **serán contratados automaticamente.** Todos e cada un.
- Todas e cada unha das prazas que nos conceda o Goberno central para formar novos especialistas, cubrirémola automaticamente. Todas e cada unha.

A Sanidade Pública require ser abordada coa máxima **ambición**, pero tamén co máximo **rigor**. Aquí non caben as promesas imposibles que tan só xeran falsas expectativas: o que Galicia necesita son avances concretos como os que vivimos nestas lexislaturas e os que seguiremos construindo xuntos.

Tamén avanzaremos con feitos nun dos ámbitos que máis preocupación espertan, e con razón, na nosa sociedade: a saúde mental.

Os especialistas apuntan a que unha de cada catro persoas padecerá un trastorno mental ao longo da súa vida. É unha cifra preocupante e que nos fai reflexionar sobre algúns aspectos do noso estilo de vida.

Para atender todas estas casuísticas, Galicia conta cun Plan de saúde mental con medidas para toda a lexislatura, e que contempla a contratación de 240 profesionais,

dos que a metade xa están incorporados.

Centrarémonos con especial intensidade no benestar dos adolescentes, que sufriron moito durante estes últimos meses. Farémolo cun paquete de medidas que inclúe, entre outras, a un **sistema de detección precoz de episodios que sexan alarmantes**, que contará coa implicación do sistema educativo e dos profesionais sanitarios.

----- *POLÍTICA SOCIAL* -----

No eido da inclusión social, atenderemos tamén aos que saíron peor parados da pandemia.

Por unha parte, para aqueles que xa partían dunha posición de maior vulnerabilidade, neste ano, **Galicia aprobará unha nova Lei de inclusión social para dar resposta ás familias que están nunha peor situación socioeconómica** e facilitar que

poidan labrarse de forma autónoma o seu propio futuro.

Pola outra, a preocupación e a atención da sociedade cara ás persoas maiores debe seguir nun primeiro plano aínda despois da remisión dos momentos máis duros da covid-19.

Somos conscientes de que **moitos maiores senten que o mundo moderno non está feito para eles**. Que moitos trámites do día a día, e cada vez máis, deséñanse pensando exclusivamente na xuventude.

Os maiores teñen moito que achegar á sociedade galega, non en clave de presente nin moito menos de pasado, senón de cara ao futuro. As institucións así o teñen que reflexar. Por iso **todas as oficinas da Xunta contarán cunha canle preferente e máis humana para a xente de máis de 65 anos.**

E para atendelos cando chegan os achaques, **a nosa comunidade vai dotarse nesta mesma lexislatura de 2000 novas prazas públicas especializadas en coidalos,** con — entre outros novos servizos— sete novas residencias financiadas pola Fundación Amancio Ortega e a construción de centros de titularidade municipal co noso apoio económico.

Tamén nesta lexislatura, reduciremos á metade os trámites e os tempos que deben esperar os galegos para acceder a unha axuda ou servizo de atención á dependencia, dos que xa gozan 66.000 galegos, catro veces máis que hai 13 anos.

E avanzaremos cara a un novo modelo de coidados aos maiores con máis tecnoloxía, máis coordinación sociosanitaria, uns centros mellor organizados e cunha atención máis próxima e sensible, para **que calquera galego, sen importar a súa**

idade ou onde resida, se sinta sempre no seu fogar.

A construción dunha Galicia que arroupe mellor a todos os galegos pasa necesariamente polo reforzo da Xustiza. Imos **avanzar nos dous vectores de modernización que marcamos nos últimos anos:** tanto a nivel de **infraestruturas** (coa inauguración da Cidade da Xustiza en Vigo e a próxima construción da sede xudicial da Estrada) como a nivel **tecnolóxico:** no 2023, o 100% das salas de vistas contarán con medios dixitais.

5.3. FUTURO

Señorías. Sen afastarnos das preocupacións cotiás dos galegos –o traballo e a familia–, debemos ser quen de seguir trazando entre todos as liñas mestras do futuro de Galicia.

Unha **evolución tranquila** que reforce a nosa posición nun mundo cada vez máis interconectado e onde a fronteira entre o local e o global é cada vez máis difusa.

Quero falar de futuro, e para iso quero falar da xuventude de Galicia. Cada moza e cada mozo ten diferentes experiencias, distintas expectativas, prioridades diversas. Pensan, actúan e deciden pola súa conta. **Son libres.**

Os intentos continuos dalgúns por monopolizar e homoxeneizar a voz da xuventude baten seguido cunha realidade: **os galegos máis novos pensan e actúan como lles peta, sen corsés ideolóxicos.**

Coñezo as dificultades que vive a mocidade galega, baixo a sombra dunha **precariedade** que lles impide facer plans a longo prazo e que os ata á casa dos seus pais moito máis tempo do que lles gustaría.

A Xunta terá á mocidade no máis alto das súas prioridades, non como aposta de futuro, senón como aposta de presente.

Coas mozas e mozos adquirimos tres compromisos:

- (1) Que traballaremos para facilitarlles o acceso a un **emprego digno**, a unha **formación de primeiro nivel** e unha **vivenda** que lles permita arraigarse alá onde queiran vivir.
- (2) Que escoitaremos á mocidade, sen dogmas nin prexuizados.
- (3) Que faremos o necesario para brindarlles as oportunidades que merecen, porque non me cabe dúbida de que saberán aproveitelas.

Por eles, poremos en marcha novas medidas de acceso á vivenda.

- A partir deste ano, os menores de 35 anos e os menores de 40 con fillos poderán acceder a avais do 15% da hipoteca para a adquisición de vivenda.
- E incrementarase a oferta de vivenda a prezos accesibles, coa mobilización de 1300 vivendas públicas.

----- *MEDIO AMBIENTE* -----

No eido ambiental, apostaremos polas enerxías renovables, e non por imperativo do contexto internacional actual, senón por unha convicción que levamos anos demostrando. Queremos unha Galicia máis verde, referente no sector eólico, na eólica mariña, no hidróxeno verde e no biogás. Ao final desta década, as enerxías limpas representarán o 85% do mix de xeración eléctrica na nosa comunidade.

----- I+D+i -----

Apostaremos pola investigación científica de alta calidade e por que os seus resultados se transfiran ao conxunto da sociedade. Para iso, a Xunta desenvolverá un **programa para dar estabilidade laboral aos investigadores.**

----- TURISMO -----

Apostaremos tamén pola posta en valor do noso patrimonio natural e cultural. A mellor maneira de conservar o noso acervo é dándolle unha utilidade e compartíndoo co mundo. O turismo é moito máis que unha actividade económica. Ben xestionado, é o mellor xeito de presumir e de aproveitar o enorme potencial que encerra a nosa terra.

É un feito que a pandemia supuxo un parón en seco para todo o turismo a nivel mundial. Pero para a nosa comunidade non se tratou dun punto

final, senón dun punto e seguido: **no primeiro trimestre deste ano, Galicia recuperou o 90% da demanda turística que tiña antes da pandemia.**

Neste rexurdir ten un peso importantísimo o noso buque insignia: o Camiño de Santiago. No que levamos de 2022, segunda parte deste

Xacobeo bianual, recibimos xa case 60.000 peregrinos, superando amplamente o récord que ostentaba ata agora o ano 2019. Estamos **atraendo a máis xente que antes da pandemia.**

Naturalmente, non nos conformamos: cremos que Galicia aínda pode atraer a moitos máis visitantes, durante este Bienio Santo e moito máis alá.

Primeiro, obviamente, está o Camiño e todo o fenómeno das peregrinacións. Hai previstos investimentos na conservación e mellora das rutas, dos albergues, e dos bens de interese cultural que hai ao longo delas, ademais dunha amplísima programación cultural que **traerá a Galicia a 300 artistas de primeiro nivel nos concertos do Xacobeo**.

Queremos abrir o Camiño a novos públicos, e por iso queremos facilitar que o percorran as familias, os ciclistas e os turistas náuticos.

Queremos tamén incentivar que as Rutas Xacobeas non sexan só unha opción de verán, senón que estean activas ao longo de todo o ano. Con ese obxectivo, a Xunta vai lanzar o **Bono Xacobeo Xove, que bonificará as estancias nos albergues do Camiño para as mozas e mozos de entre 18 e 30 anos** durante a primavera, o outono e o inverno.

Deste xeito, **unhas 5000 persoas poderán peregrinar a Santiago a prezos moi reducidos**, fomentando ademais que se empreguen os camiños menos transitados, que en ocasións son tamén os máis fermosos.

Apostaremos tamén polas potencialidades turísticas da costa galega e pola enogastronomía, ademais de aproveitar a nosa condición de capital termal.

Neste último ámbito, **se son escollido Presidente, crearei unha área específica de Termalismo dentro do organigrama da Xunta**. Estará encargada de **coordinar todas as actuacións sanitarias e lúdicas neste ámbito** e que terá a súa sede — como é natural— na nova sede da Xunta da segunda cidade con máis fontes termais de Europa: Ourense.

Queremos que o Camiño a Galicia non se poida percorrer só unha vez, senón que cada visita sexa unha invitación irresistible a repetir.

6. CREO EN GALICIA

Señorías, quero ser Presidente da Xunta de Galicia porque creo nesta terra.

- Creo en Galicia como punto de encontro de todos os galegos: dos dous hemisferios, dos nados aquí e dos nados fóra, falen a lingua que falen, pensen como pensen.
- Creo en Galicia como destino. **Nunha terra forxada polos camiños que levan a ela desde todas as partes do mundo, o importante non é de onde veñas, senón a onde te queres dirixir.**
- Creo na Galicia da cooperación institucional, na que os concellos e a Xunta traballemos xuntos polo ben común, tal e como nos demandan os veciños. Con ese fin, crearemos coa Universidade de Vigo e a *Red Localis* unha Cátedra de Bo Goberno Local.

- Creo nunha Galicia cunha tripla identidade, á vez galega, española e europea, e que exerce como tal sen complexos e con orgullo.
- Creo na Galicia da igualdade real, que faga desaparecer as trabas cotiás que, aínda hoxe, padecen as mulleres polo feito de selo e que bote polo sumidoiro da historia a súa manifestación máis cruel e execrable: a violencia de xénero.
- Creo nunha Galicia cun enorme potencial, á que o futuro lle reserva grandes logros e que nos convida a todos a que os academos xuntos.
- Creo nunha Galicia aberta ao mundo. **Fronte ao nacionalismo** que pretende encerrar a nosa voz dentro dos límites da comunidade autónoma. **Fronte ao centralismo** que busca diluíla e neutralizala. **Nós traballaremos porque as**

prioridades, os problemas, as achegas e os éxitos se Galicia se escoiten máis alá do Eo, do Miño e do Padornelo. En toda España, en toda Europa, en todo o mundo.

7. CREO NO NOSO PAPEL EN ESPAÑA E EN EUROPA

Alfredo Brañas, precursor do galeguismo, deixou escritas unhas liñas que, máis dun século despois, manteñen intacta a súa veracidade: "Nos momentos de proba, España sempre atopou a súa salvación nese espírito que tanto empeño poñen en destruír os mercadores da política, no amor ao terruño, na pequena patria, sen a cal a grande hai tempo que deixaría de existir".

Os acontecementos dos últimos meses deixan meridianamente claro ata que punto España necesita a Galicia. **Galicia debe manter e ampliar o peso e o prestixio que gañou nestes anos no concerto nacional.**

Naturalmente, seguiremos sendo leais. A nosa comunidade non tensionará xamais as costuras dun Estado que, agora máis que nunca, necesita manterse firme fronte ás ameazas exteriores.

Pero é importante non confundir lealdade con submisión. Estar calados ante o que consideramos desacertos sería unha grave mostra de deslealdade que non imos cometer.

Reivindicaremos para os galegos todo o que consideremos que en dereito lles corresponde.

- Como o fixemos reclamando os 225 M€ que nos debía o Goberno pola recadación do IVE e que non nos aboou ata que llo esixiu o Tribunal Supremo.
- Como o facemos defendendo un novo modelo de financiamento autonómico, na liña do que asinamos oito comunidades aquí, en Santiago, hai medio ano, para

garantir que todos os españois, vivan onde vivan, teñan as súas necesidades cubertas con eficacia e equidade.

- Como o faremos reivindicando novas competencias e defendéndonos fronte ao furor que ultimamente observamos no Estado á hora de impugnar as normas emanadas deste Parlamento e do Goberno de Galicia.

O Goberno central parece ser refén de todos cantos intereses existen, nacionais e estranxeiros, do Goberno e dos seus socios, incluídos os que ten neste Parlamento... **de todos menos dos intereses xerais.**

Négome a normalizar o feito de que **o futuro de España estea nas mans daqueles cuxo proxecto político é a disolución do país.**

Irrítame o crecente atrevemento co que o actual Executivo pretende **utilizar de xeito partidista as**

institucións do Estado, desde a política exterior ata os órganos de goberno da Xustiza.

Desacóugame sentir que a deslealdade se premia con concesións e boas maneiras, mentres que o sentido de Estado se paga con desplantes e uns incumprimentos tan reiterados que custa pensar que sexan froito de despistes ou erros.

Non comparto a forma de facer política que parece instalada na Moncloa e seguirei, desde Galicia, defendendo os principios e o proxecto que os galegos votaron cunha contundente maioría.

Se obteño o respaldo deste Parlamento, na miña primeira semana como Presidente da Xunta recordareille por carta ao Presidente do Goberno os compromisos coa nosa terra que aínda faltan por cumprir e solicitareille unha audiencia para abordar o xeito de subsanalos.

Gustaríame compartir con vostedes **dez preguntas que lle farei ao Presidente Sánchez:**

- (1) ¿Por que seguen sen permitirnos crear 64 novas prazas de formación de médicos de familia e sen crear a

especialidade de medicina de urxencias e emerxencias?

- (2) ¿Por que seguen sen chegar o que lles corresponde ao financiamento da dependencia, aumentando cada ano unha débeda que xa supera os 2100 M€?
- (3) ¿Por que segue sen existir unha implicación sincera e suficiente co Xacobeo, con fondos europeos e máis tempo de desgravación para os patrocinadores?
- (4) ¿Por que segue sen recoñecérsenos que somos a comunidade mariñeira por excelencia, se nos nega unha sede do Instituto Oceanográfico e se aboca ao peche a máis de 100 empresas do litoral a través da normativa de costas?
- (5) ¿Por que non se cobren o 100% dos efectivos da Policía

Autonómica, precisamente nun ano no que se espera unha gran afluencia turística?

(6) ¿Por que se lle negan á provincia de Lugo as conexións por autovía e por tren de alta velocidade que levan tantos anos comprometidas?

(7) ¿Por que non se apoia o Corredor Atlántico ao mesmo nivel que o Corredor Mediterráneo e cantos anos máis imos ter que esperar pola transferencia da AP-9, acompañada da dotación necesaria?

(8) ¿Por que se bloquea a transformación económica da comarca de Ferrolterra, se lle mantén cunha liña ferroviaria de hai dous séculos e non existe implicación no Pacto de Estado por Ferrol?

(9) ¿Por que semella excluírse á automoción galega do PERTE do vehículo eléctrico e conectado, poñendo en risco unha industria estratéxica?

(10) ¿Por que seguen penalizándose fiscalmente as herdanzas en vida, unha figura que recolle o noso dereito civil e á que se acolleron case 200.000 galegos nos últimos anos?

É certo, e tamén llo recoñecerei, que tamén houbo avances. Por exemplo, a chegada –despois de moitos anos de espera– do AVE a Galicia. Pero son avances que aínda distan moito de estar completos, pois **aínda non dispoñemos dos trens Avril que permitirán chegar o AVE a Santiago, Pontevedra, Vigo e Coruña. Seguiremos reivindicando que a alta velocidade galega non sexa nin menos extensa nin máis lenta que a do resto de España.**

Ser reivindicativos é a nosa forma de ser leais. Éo con España, éo tamén coas institucións europeas. Á hora de conseguir que Europa atendese ás demandas desta esquina da Península, contamos cun aliado fundamental: os nosos aliados do outro lado da Raia.

Así foi como logramos que Galicia sexa a **segunda comunidade autónoma que máis financiamento recibirá durante o período operativo 2021-2027**, máis de 3.200 M€ para modernizar a nosa terra e seguir fortalecendo a Eurorrexión que formamos co Norte de Portugal.

Traballando xuntos, nestes anos, captamos un investimento europeo de máis de 160 M€ e somos líderes en proxectos de cooperación transfronteiriza de I+D+i, culturais, turísticos e económicos.

Galicia non desaproveitará tampouco a proximidade lingüística coa lusofonía. Temos unha **lingua que nos abre as portas dunha comunidade de**

máis de 200 millóns de falantes por todo o mundo. Nesta lexislatura poremos en marcha o **Plan Acredita Portugués**, un sistema de certificación para que o alumnado galego poida demostrar as súas competencias na lingua irmá, dentro da convicción de que a aprendizaxe de idiomas sempre suma, nunca sobra. Seremos máis libres canto máis plurilingües sexamos.

8. CAMBIA UN CAMIÑANTE, O CAMIÑO CONTINÚA

Señorías. Non son nin aspirarei a ser Albor, nin Laxe, nin Fraga, nin Touriño. Tampouco son, nin podo nin intentarei ser Feijóo. Son Alfonso Rueda e traballarei para ampliar e mellorar o legado destes anos de Goberno.

Cambia un dos camiñantes, pero o camiño continúa.

Para que Galicia sexa un país onde se viva en paz, en xustiza, en progreso, en benestar social e para que Galicia viva en liberdade, temos a obriga moral e o compromiso formal de seguir traballando arreo para que este, o noso país, sinta que o futuro non será cativo.

Debemos ser unha comunidade moderna, culta e próspera, cun equilibrio económico e social e cunha auténtica solidariedade.

Galicia está en condicións de representar un papel protagonista e de contribuír de forma importante á definición do proxecto común de España, porque se hai un pobo, se hai unhas xentes que comprenden o senso máis profundo da idea de España e a idea de Europa, ese é o pobo galego.

Que poidamos entrelazar estas frases, que pronunciaron os nosos cinco Presidentes autonómicos, e que o conxunto soe harmónico e coherente... é a mostra máis palmaria de que **a Historia democrática de Galicia non coñeceu bruscas rupturas, senón unha san continuidade con matices propios.**

Todos fomos e seremos moderados porque todos fomos e seremos un fiel espello do noso pobo.

Eu síntome honrado de continuar a participar desta obra coral que é a construción da Galicia do futuro. **O protagonista é o pobo galego.**

Este pobo humilde, traballador, entregado e familiar, orgulloso e nunca soberbio. **Este pobo merece todo e eu todo o darei para que logre as metas que se propoña.**

Nesta semana comeza **unha nova etapa da nosa ruta colectiva.**

- Despois de moitos logros e dalgúns fracasos,
- de desencontros e de reconciliacións,
- de galegos que marcharon e de moitos máis que volveron.
- Co recordo dos que nos deixaron no vieiro e coa ilusión dos que aínda están por sumarse.

Ao carón da nosa xente, eu serei un camiñante máis.

Moitas grazas.